BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 13 de xuño de 2017
Núm. 112

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## MARÍN

### Persoal, oposicións

*CORRECCIÓN ERROS DAS BASES PARA AXUDANTE DE CONDUTOR BARREDORA*

**Expte: 77/2017. "Bases para a selección dun/ha funcionario/a interino/a coa categoría de axudante conductor barredora".- Corrección erros.**

No BOP de Pontevedra nº 57 de 22 de marzo de 2017 foron publicadas as "Bases para a selección dun/ha funcionario/a interino/a coa categoría de axudante conductor barredora."

Téndose detectado un erro nas devanditas bases, esta Alcaldía, de acordo co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que permite as mesmas "rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos", RESOLVE:

Primeiro.-Rectificar o erro material detectado nas "Bases para a selección dun/ha funcionario/a interino/a coa categoría de axudante conductor barredora", publicadas no Boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 57, de 22 de marzo de 2017, de xeito que o contido do primeiro exercicio da oposición, regulado na base 9, quedará redactado como sigue:

"PRIMEIRO EXERCICIO. — Proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que determine o tribunal, un cuestionario tipo test, elixido ao azar de entre dous propostos polo Tribunal, de 50 preguntas con catro respostas alternativas cada unha delas, das cales unicamente unha será correcta, e que versarán sobre o contido do temario que figura como Anexo II.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos para a súa superación.

As respostas correctas cualificaranse con 0,20 puntos e as erróneas se penalizarán con -0,10 puntos. As preguntas en branco non puntuarán.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións ás puntuacións.

Segundo.- Ordear a publicación da presente corrección de erros no Taboleiro de anuncios do Concello de Marín e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, autorizando o custe de dita publicación.

Así o acorda e dispón a Sra. Alcaldesa, en Marín a 20 de abril de 2017.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.—A Secretaria Xeral, Paula Costas Romero.

Código seguro de verificación: HYQECFOO91GABRIW